



A FENDA.

Porgaleuzca

A Sí, con este título, Porgaleuzca, formado polas primeiras sílabas de Portugal, Galiza, Euzcadi e Catalanuya, acaba de ver a luz recentemente un disco do Coro Universitario Galego de Barcelona que dirixe César del Caño. Concibido este proxecto como unha homenaxe a Voces Ceibes—"aquele colectivo de canción social e de protesta nado en Compostela en maio de 1968 a carón das loitas universitarias" (así en definición de Vicente Araguas)—, Porgaleuzca non é un exercicio nostálgico dun tempo e dunha acción artística e comunicativa, é unha mostra viva daquela realidade hoxe convertida en patrimonio cultural, en memoria lúcida, en referencia histórica que nos enche de orgullo. Velaí, contidos neste disco, os textos de Celso Emilio Ferreiro, Luís Pimentel, Vicente Araguas, Josep M^a de Sagarra, José Antonio Arze e José Afonso, xunto ao eco das voces do propio José Afonso, Lluís Llach, Mikel Laboa, Miro Casabella, Benedicto e Xerardo Moscoso, entre outros.

E dicimos "eco das voces" destes grandes cantautores, porque a presente edición musical, especialmente alentada polo profesor e escritor Camilo Valdeorras, é un conxunto creativo polifónico que o Coro Universitario realiza e constrúe, e reconstrúe, a partir das entrañábeis cancións que foron voz dun tempo, dunha carreira, dunha sentimentalidade e dun compromiso coa causa da dignidade e da liberdade humanas.

Ademais do valor artístico e histórico cultural que, no plano da creación musical, Porgaleuzca significa, resulta emocionante descubrir, a través do encontro e da tensión de voces e trazados de harmonía presentes, o milagre de conxunción e concerto das voces humanas participantes no Coro Universitario Galego de Barcelona. Esta agrupación musical galega con base na capital de Catalunya foi fundada a comezos de 1992 polo compositor e director coral César del Caño e polo antes mentado Camilo Valdeorras. Tal como lemos no libro que acompaña o disco Porgaleuzca, honrando os atributos do seu nome, o Coro Universi-

Portada do libro que acompaña o disco



tario Galego de Barcelona presenta na súa constitución e filosofía musical dúas singularidades. Dun lado, conforme á natureza dos seus integrantes e por ubicarse nun espazo extraterritorial tan propicio como o catalán para o encontro de xentes e culturas dispares, distínguese dos grupos corais autóctonos galegos por ser políglota e multinacional. Pero hai aínda máis. O Coro Universitario Galego de Barcelona defínese na súa práctica como universalista, sendo afín ao "senso máis íntimo da cultura galega" e, participando da investigación propia da institución universitaria, formula, citamos textualmente, tres claras esixencias estéticas: anovar a interpretación do acervo folclórico tradicional galego, crear pezas novas e orixinais de repertorio propio, así como recrear formas e temas musicais dos países de orixe dos seus cantores membros, e singularmente dos espazos catalán e portugués.

Abonda con dicir que na presente tempada 1995-1996 o Coro Universitario Galego de Barcelona está integrado por 35 coristas pertencentes a 11 nacionalidades. Estadounidenses, cataláns, islandeses, franceses, mexicanos, xaponeses, alemáns, italianos, bascos, canarios, mallorquíns e galegos, todos, ben concertados e dirixidos por César del Caño, cantando en galego. Velaí o milagre. Porgaleuzca brilla e nós estamos de noraboa.

M.A. Fernán-Vello